

Convenio colectivo da empresa DS Salgado, S.L. (Anos 2005-2006)¹

Artigo 1º.-Ámbito.

Este convenio afecta en todo o seu contido normativo á empresa D. S. Salgado, S.L. que ten o seu domicilio en Vilagarcía de Arousa e a todo o seu persoal que estea prestando os seus servizos nela, así como a aqueles que se incorporen despois. O seu posto de traballo poderá variar segundo as circunstancias e necesidades da empresa, sen que varíen por iso as condicións estipuladas.

Artigo 2º.-Vixencia.

Este convenio colectivo terá unha duración dun ano, contado desde o día 1 de abril de 2005 ata o 31 de marzo de 2006, entrando en vigor o día da súa sinatura, con independencia da data da súa publicación no BOP, prorrogándose tacitamente en períodos anuais se non é denunciado por calquera das partes, de acordo coas normas vixentes.

Artigo 3º.-Condicións máis beneficiosas.

Respectaranse a título individual as condicións de traballo superiores ás establecidas neste convenio, consideradas no seu conxunto e cómputo anual. Tal garantía será exclusivamente de carácter persoal, sen que poida entenderse vinculada ao posto de traballo, categorías profesionais e outras circunstancias, polo que o persoal de novo ingreso non poderá alegar ao seu favor condicións máis beneficiosas de que gozasen os traballadores que anteriormente ocupasen os postos de traballo a que sean destinados ou promovidos.

Artigo 4º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo será de corenta horas semanais, segundo establece o Estatuto dos traballadores, repartidas na forma máis idónea para a empresa e os traballadores, entendendo sempre o seu interese e a produtividade da empresa.

Artigo 5º.-Vacacións.

Todos os traballadores desfrutarán dunhas vacacións retribuídas conforme as seguintes condicións:

- a) Terán unha duración de 30 días naturais.
- b) As vacacións desfrutaranse cando conveña, segundo as condicións da empresa, ben que a empresa exporá con tempo aos seus traballadores como teñan que desfrutarlas no ano próximo, segundo o criterio e necesidades da empresa e dos traballadores, non podendo ser nunca nos meses de verán.
- c) Cando o traballador cese no curso do ano, terá dereito á parte proporcional de vacacións a razón do tempo traballado.

Artigo 6º.-Licenzas e permisos.

O persoal da empresa terá dereito a licenza con soldo en calquera dos casos seguintes:

- a) Por matrimonio do traballador.
 - b) Por morte ou enterro do cónxuxe, ascendentes e descendentes.
 - c) Enfermidade grave do cónxuxe, fillos ou parto da esposa.
- A duración destas licenzas será de quince días para o matrimonio e ata de tres días nos demais casos. En casos excepcionais, poderán concedérselles licenzas máis prolongadas, se estas se solicitan debidamente á dirección con causas moi xustificadas.

¹ Publicado no DOG núm. 132, do 11 de xullo de 2005.

Artigo 7º.-Pagas extraordinarias.

O persoal da empresa percibirá dúas pagas extraordinarias, consistentes nunha mensualidade do soldo base e antigüidade, nos meses de xullo e decembro.

Artigo 8º.-Paga de beneficios.

O persoal da empresa percibirá durante o mes de marzo, en concepto de paga de beneficios do ano anterior, o importe dunha paga mensual completa correspondente ao devandito ano.

Artigo 9º.-Roupa de traballo.

A empresa está obrigada a facilitarlles aos seus empregados a roupa de traballo necesaria para cada función. Unha cada ano. O uso e conservación serán obrigas para o persoal.

Artigo 10º.-Retribucións.

Os salarios, durante a vixencia deste convenio, veranse incrementados o 5% [(IPC previsto para 2005 2%) + 3%] e que son recollidos na táboa salarial anexa, incrementados, se é o caso, cos aumentos pola antigüidade que procedan, tamén recollidos na táboa anexa.

Artigo 11º.-Antigüidade.

O persoal comprendido neste convenio percibirá aumentos periódicos por anos de servizo, consistentes en cuadrienios na cantidade do 5% do salario base, correspondente á categoría en que o produtor está clasificado.

Artigo 12º.-Axuda por defunción.

En caso de falecemento dun traballador, cun ano de servizo na empresa, esta está obrigada a satisfacer aos seus habentes dereito unha axuda de dúas mensualidades.

Artigo 13º.-Cláusula de revisión salarial.

No caso de que o IPC establecido polo INE rexistrase o 31 de marzo de 2006 respecto ao 31 de marzo de 2005 un incremento superior ao 5%, efectuarase unha revisión da táboa salarial, tan axiña como se constate oficialmente a antedita circunstancia no exceso sobre a indicada cifra.

No suposto de que o IPC real fose inferior, en relación co IPC previsto polo Goberno para a vixencia do convenio, non procederá a devolución dos salarios aboados, pero si afectará esta circunstancia para os efectos do cálculo do incremento salarial para o seguinte ano.

Artigo 14º.-Comisión paritaria.

Para levar a bo fin estas negociacións, constitúese unha comisión paritaria integrada por Ángel Barros Fernández e Carlos Mengual Pesado, delegado sin

dical de persoal, en representación dos traballadores e Antonio Pérez del Oro e Alberto Pérez Fontán en representación da empresa.

Artigo 15º.-Partes asinantes.

Este convenio asinouno unha representación dos traballadores en todas as súas follas e Antonio Pérez del Oro en representación da empresa.

Vilagarcía de Arousa. Abril de 2005.

Táboa de salarios

	Anterior	Actual	Actual
--	-----------------	---------------	---------------

Categorías	convenio	convenio	cuadrenio
Director xerente	913,26 €	958,93 €	47,95 €
* Persoal administración			
Xefe administrativo	749,32 €	786,78 €	39,34 €
Aux. admón. ou operador de maqui. contab.	606,52 €	636,85 €	31,84 €
Axudante admón. ou operador de maqui. contab.	601,02 €	631,07 €	31,55 €
Auxiliar de caixa	601,02 €	631,07 €	31,55 €
Aspirante de 16 a 18 anos	502,54 €	527,67 €	
* Persoal mercantil			
Xefe de compras	739,97 €	776,97 €	38,85 €
Xefe de vendas	739,97 €	776,97 €	38,85 €
Xefe de almacén	739,97 €	776,97 €	38,85 €
Dependente maior	660,33 €	693,35 €	34,67 €
Dependente	614,28 €	644,99 €	32,25 €
Axudante	597,88 €	627,77 €	31,39 €
Aprendiz 1ª	502,54 €	527,67 €	
Aprendiz 2ª	502,54 €	527,67 €	
Preparador de pedidos	614,28 €	644,99 €	32,25 €

Viaxante	589,31 €	618,78 €	30,94 €
* Persoal de servizos			
Chofer repartidor	614,28 €	644,99 €	32,25 €
Mozo especializado	606,52 €	636,85 €	31,84 €
Mozo	601,02 €	631,07 €	31,55 €
Prof. ofi. 3ª	601,02 €	631,07 €	31,55 €